

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 18 DE MARZO DO  
2024 POLA QUE SE RESOLVE A CUARTA EDICIÓN  
DO DISTINTIVO DE IGUALDADE DESTINADO ÁS  
ESCOLAS, FACULTADES E CENTROS DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO**

Publicada a Resolución reitoral de 20 de setembro de 2024 pola que se convoca a cuarta edición do Distintivo de Igualdade destinado ás escolas, facultades e centros da Universidade de Vigo esta Reitoría.

**RESOLVE**

Considerando o resultado da reunión mantida o 26 de febreiro de 2024 pola comisión avaliadora, conceder o Distintivo de Igualdade 2024 seguindo os criterios do punto 6 das bases que regulan a convocatoria da concesión do distintivo de igualdade para facultades, escolas e centros propios que pertencen á Universidade de Vigo, ao Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx), á Facultade de Comunicación e á Facultade de Comercio.

<b>CENTRO</b>	<b>TOTAL</b>
Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx)	85
Facultade de Comunicación	81
Facultade de Comercio	80
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	64
Instituto de Agroecoloxía e Alimentación	60
Facultade de Ciencias	50
Facultade de Xestión e Administración Pública	47

---

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da súa publicación (ou desde o día seguinte a ter recibido a súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou desde o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, a data da sinatura electrónica.

O reitor